

## A LINGUA GALEGA DE ÁNSEL FOLE

*Armando Requeixo*

Ánxel Fole (Lugo, 1903-1986) é sen dúbida un dos narradores galegos máis importantes deste século. Aínda que na nosa fala tamén cultivou outros xéneros como o teatro, o ensaio xornalístico ou, moito máis puntualmente, a poesía, a súa fama como escritor veulle dada pola publicación dos seus libros de relatos: *Á lús do candil* (1953), *Terra brava* (1955), *Contos da néboa* (1973) e *Historias que ninguén cre* (1981).

Trataremos aquí de achegarnos, moi panoramicamente, a algunhas das cuestións lingüísticas máis salientables na obra deste narrador lugués. Neste sentido, analizaremos primeiramente cal foi a súa actitude fronte á lingua, a súa conciencia sociolingüística, e cal o papel que, segundo el, debía mante-lo escritor galego no proceso de normalización e normativización da lingua.

Nun segundo momento, revisarémo-la caracterización gramatical que os estudiosos teñen feito de *Á lús do candil* e *Terra brava* como textos lingüisticamente dialectais, por ver de confirmar ou rebater tales presupostos<sup>1</sup>.

### 1. POSICIONAMENTO SOCIOLINGÜÍSTICO E PRAXE LINGÜÍSTICA

Ánxel Fole sempre defendeu unha serie de posicionamentos sociolingüísticos ós que, para el, todo escritor en galego sensibilizado con esta problemática debía sumarse. Neste sentido, e de xeito moi resumido, salientariamos entre tales principios:

- a) A necesidade de que os escritores en galego fosen conscientes da súa responsabilidade no proceso normativizador e normalizador do idioma (Fole, 1956, p. 25 e 1973, p. 8).

<sup>1</sup> Os dous traballos máis exhaustivos sobre este particular onde se sentan as bases do dialectalismo lingüístico dos libros de relatos de Ánxel Fole poden lerse en Rodríguez Fer, 1981, pp. 44-55, quen trata deste problema en *Á lús do candil*, *Terra brava* e *Contos da néboa*, e, xa aplicado en exclusividade a *Á lús do candil*, en Alonso Girgado, 1993, pp. 71-78.

b) A referencia ineludible que para tales escritores debería se-la fala popular, fonte da que terían que beber á hora de crear para enriquece-la lingua (Fole, 1956, p. 25; 1973, p. 8; 1983, p. 21).

c) A conveniencia de recoller nas súas obras toda a riqueza dialectal do galego –incluídos os seus arcaísmos– e de rexeita-la extraordinaria “complicación” que supuña un lusismo “desquiciante” (Fole, 1983, p. 21; Casares, 1984, p. 94).

d) E por último, a aposta por un idioma “nacionalizado”; noutras palabras, imposto polo uso normalizado e non por esixencias lexislativas. O galego, para Fole, tiña que ir gañando prestixio literario e popular en tódolos niveis, sen necesidade de leis coercitivas que, ó seu ver, non axudarían en nada á mellora da situación sociolingüística (Fole, 1983, p. 21; Rodríguez López, 1988, p. 100).

Tendo presente este ideario, non é estraño que na propia obra narrativa de Fole, os *alter ego* do autor e os narradores a través dos que verte Fole as súas propias ideas lingüísticas, expresen por veces de modo inequívoco estas mesmas opinións. Así ocorre, por poñer un só exemplo, cos personaxes de “O grande parladoiro” de *Terra brava*, que critican o “descaste” do pobo que deixa “perder e derrama-la” súa fala, menos rica cada nova xeración; personaxes que tamén cifran na literatura a esperanza dun futuro para o galego, sempre que este volva os seus ollos cara ós dialectos populares, en detrimento do creacionismo lingüístico de certos autores; personaxes, en fin, que incluso se pronuncian sobre o problema ortográfico, mostrándose partidarios dunha norma foneticista simplificadora que achegue máis aínda a escrita á fala viva (*vid.* Fole, 1955, pp. 59-62).

Ora ben, hai que aclarar, finalmente, que todas estas preocupacións sociolingüísticas, moi presentes noutros xéneros cultivados por Fole como o ensaio xornalístico, no tocante ó relato, sen embargo, constitúen só *motivos* puntuais que en ningún caso chegan a ser eixe temático dos seus contos.

## 2. Á PROCURA DA VERDADEIRA LINGUA DE FOLE: FILTROS EDITORIAIS E OUTROS RUIDOS

É difícil describir hoxe, moitos anos despois da publicación dos diversos libros de relatos de Fole, o complexo e vizoso sistema lingüístico do que se serviu o autor para a elaboración dos seus relatos. Dificulta, aínda máis, o de por si xa traballos labor, o feito de teren sufrido tódolos seus volumes de contos algún tipo de *peneira* lingüística antes da súa publicación: no caso de *Á lús do candil* o libro foi mecanografado e *revisado* polo seu amigo Francisco Fernández del Riego; en *Terra brava* a axuda mecanográfica veu da man de Ramón Piñeiro; previa publicación de *Contos da néboa*, Xosé María Álvarez Blázquez levou a cabo numerosas *readaptacións* lingüísticas na obra; e, finalmente, en *Historias que ninguén cre* o equipo corrector de Edicións Xerais de Galicia introduciu criterios lingüísticos *homoxeneizadores* que modificaron, notablemente, a lingua empregada por Fole na redacción orixinal do volume.

Polo tanto, escribir hoxe sobre a lingua dos relatos en libro de Ánxel Fole é escribir *esencialmente* sobre os usos idiomáticos do autor, aínda que, dalgún xeito, sexa un pouco tamén escribir sobre os hábitos lingüísticos daquelas outras persoas achegadas ó propio Fole que xogaron un papel decisivo na publicación final das súas obras.

Ó problema, así formulado, súmase aínda un último obstáculo analítico: a manipulación operada nas sucesivas edicións dos volumes que conforman a tetraloxía foleana. Efectivamente, entre as primeiras edicións de *Á lús do candil*, *Terra brava*, *Contos da néboa* e *Historias que ninguén cre* e posteriores edicións producíronse unha serie de modificacións que, nalgúns casos, alteraron substancialmente os textos de partida. Por conseguinte, aquí servímonos para a nosa análise das primeiras edicións publicadas de cada libro<sup>2</sup>, por considerar que estas, coas excepcións sinaladas, reproducen máis fielmente a redacción orixinaria do propio Fole.

Ora ben, todo o anteriormente sinalado non implica a imposibilidade dunha análise fidedigna dos usos lingüísticos dos libros de relatos de Ánxel Fole, senón máis ben a necesaria relatividade coa que deben observarse os datos obtidos tras do seu estudio, que indican tendencias máis ca usos sistemáticos, pois os distintos filtros ós que aludiamos – vista a falta dos correspondentes textos autógrafos –, dilúen calquera posibilidade *definitiva* de análise.

Feitas estas consideracións previas, estamos en disposición xa de revisa-la problemática afirmación da crítica especializada segundo a cal *Á lús do candil* reproduciría os falares propios da zona do Courel e *Terra brava* os do Incio.

### 3. GALEGO FALADO, AÍNDA QUE SEXA ESCRITO

O título que encabeza este epígrafe está tomado da obra do propio Fole. Concretamente apareceu no limiar “Terra do Caurel” pertencente a *Á lús do candil* (*vid.* Fole, 1953, p. 23). Con el tentaba o autor xustifica-lo polimorfismo lingüístico daquel libro que, segundo confesaba no mesmo lugar, reproducía os falares típicos das terras courelás. Este dato, xunto co colofón incluído en *Terra brava*, onde se aclaraba que os relatos alí recollidos estaban escritos no galego característico da bisbarra do Incio na que acontecían as historias do libro<sup>3</sup>, foron suficientes para que tódolos comentaristas e estudiosos posteriores da obra de Ánxel Fole consideraran estas afirmacións como inamovibles. A situa-

<sup>2</sup> Isto é, a edición de 1953 de *Á lús do candil* (Fole, 1953), a edición de 1955 de *Terra brava* (Fole, 1955), a edición de 1973 de *Contos da néboa* (Fole, 1973) e a edición de 1981 de *Historias que ninguén cre* (Fole, 1981).

<sup>3</sup> Textualmente:

Os contos de *Terra brava* suceden na bisbarra do Incio. O galego usado polo autor é o falado alí. Carlos Maside fixo os grabados da coberta, e Xohán Ledo os que van co testo. Usáronse na impresión os grabados en madeira orixinaes, agás dous (*Tres historias do pazo de Lucencia* e *Por us pelos*) (Fole, 1955).

ción acabou constituíndo un lugar común despois de que, a primeiros dos 80, o profesor Rodríguez Fer –ó que logo seguirían a práctica totalidade dos investigadores– declarara:

Como queda dito, Fole capta o galego na súa variada riqueza dialectal. Deste xeito, reproduce magnetofónicamente a fala de cada comunidade tal como, por exemplo, describe os seus costumes. A lingua cumpre así a función de ser un elemento máis da súa testemuñal visión de conxunto.

En consecuencia, *A lús do candil* reflexa a variedade dialectal falada no Caurel, *Terra Brava* a falada no Incio e *Pauto do demo* a falada en Quiroga. Todas tres variedades correspondentes ao chamado dialecto central do galego (Rodríguez Fer, 1981, p. 45).

Tentaremos no que segue ponderar, axeitadamente, a veracidade destas declaracións, por ver de subscribilas ou, se for o caso, rebatelas razoadamente.

Se superpuxeramos sobre un mapa dos concellos de Galicia o mapa dialectal galego confeccionado por Francisco Fernández Rei (1990, p. 108)<sup>4</sup> a partir dos materiais do *Atlas Lingüístico Galego*, observaríamos que, para o caso de *Á lús do candil*, a denominada bisbarra do Caurel, conformada polos concellos de Folgoso do Courel, Quiroga e Ribas de Sil, atópase nunha encrucillada isoglósica na que converxen tres diferentes falares: o característico da subárea lucense inserido na área lucu-auriense do bloque central, o propio da subárea auriense pertencente tamén á área lucu-auriense do bloque central, e o específico da microsubárea do Courel, incluído na subárea da Fonsagrada-O Courel-O Bierzo correspondente á área oriental-central do bloque oriental.

Unha primeira ollada ós relatos recollidos en *Á lús do candil* descóbrenolo feito de que a posible caracterización da lingua empregada por Fole neste libro como a característica da microsubárea courelá do bloque oriental é, definitivamente, desestimable, posto que o trazo morfolóxico distintivo na diferenciación entre o bloque central e o oriental (a oposición na formación do plural dos nomes agudos rematados en *-n*), evidencia a imposibilidade de que a lingua empregada en *Á lús do candil*, con plurais do tipo *escambrós, xardós, municións*, etc., poida responder á propia de ningunha área que non pertenza ó bloque central.

Polo tanto, só resta examinala a posibilidade de que a lingua de *Á lús do candil* se corresponda coa utilizada nalgunha das dúas subáreas do bloque central anteditas, toda vez que os trazos necesarios para a adscrición de *Á lús do candil* como falar propio do bloque central se cumpren (plurais do tipo *choupís, comús*, etc.), ausencia de gheada e seseo case totais, emprego do ditongo *oi*, terminacións substantivas *-ao, a* derivadas dos sufixos latinos *-anum, -anam*, emprego do pronome persoal suxeito *ti* e só moi esporadicamente da forma *tu*, vocal temática *i* etimolóxica na 2ª persoa de singular dos perfectos fracos da 2ª conjugación –tipo *esquenciches*–, e a terminación verbal na 2ª persoa do plural do presente de subxuntivo *-des*, –como en *vexades*.

<sup>4</sup> A partir de agora, e agás indicación contraria, tódolos trazos caracterizadores das distintas áreas, subáreas e microsubáreas lingüísticas aludidas pertencen á caracterización elaborada por Fernández Rei (1990), que obviaremos citar no sucesivo.

No referente á posibilidade de que *Á lús do candil* reflectise a fala ben da subárea lucense ben da auriense da área lucu-auriense, hai que dicir que a lingua de *Á lús do candil* parece –no gramatical– o resultado dunha mestura de ambas. O trazo que diferencia para Fernández Rei ás dúas sería o da distinción ou non distinción das contraccións dos pronomes persoais *llo* fronte a *llelo*, que aparece no caso da subárea lucense e non aparece no caso da subárea auriense. *Á lús do candil* reflecte tal distinción, polo que podería pensarse que reproduce –cando menos parcialmente– o falar da subárea lucense. Se pásamola peneira de formas que Fernández Rei dá como caracterizadoras de tales subáreas teríamos que, dos dezasete fenómenos diferenciais de ámbalas dúas subáreas, Fole emprega máis ou menos a metade segundo os falares propios da subárea lucense (uso de *catro*, *gardar*, etc.; ausencia de *gheada*; presente de subxuntivo do verbo *dar* como *dea*, *deas*; utilización do radical *fix-* no verbo *facer*; emprego de *poñer*; formas *vides*, *vide* do verbo *vir*; uso maioritario dos adverbios *eiquí* e *acó* e *alí* e *aló*; uso do adverbio *hoxe*, etc.) e a outra metade segundo os falares propios da subárea auriense (distinción entre os pronomes *lle/lles* e *llo/llelo*; utilización do verbo *sair*; emprego do alomorfo do artigo *-lo*; presenza do verbo *ouvir*; formas pronominais *connosco*, *convosco*; uso do verbo *ter*; emprego maioritario de *faguer*, etc.).

Xa que logo, do visto pódese concluír que, no que ó plano morfosintáctico en sentido amplo se refire, a lingua de *Á lús do candil* pertencería á área lucu-auriense, pero con características tanto da subárea lucense coma da subárea auriense. Ademais, posto que as terras courelás responden ó espacio xeográfico de ambas subáreas, débese concluír que no que atinxe a boa parte da sintaxe e morfoloxía de *Á lús do candil* esta responde á declaración foleana explícita no libro e á caracterización posterior de Rodríguez Fer.

Ora ben, cabería preguntarse: ¿todo o plano morfosintáctico responde, efectivamente, ó xeito propio de falar de tales áreas? Máis aínda: ¿correspóndense o resto dos niveis lingüísticos cos falares daquelas zonas?

Á primeira pregunta habería que responder rotundamente non. Hai características do plano morfolóxico de *Á lús do candil* que non responderían a tales falas. A modo de exemplo poderíamos cita-las seguintes:

- a) A existencia alternante de plurais que nunca chegarían a convivir nunha mesma zona como *principás / xornaes / cumiales* e, no mesmo espacio, tamén *azúes, mandiles / xabaris*, etc.; e o mesmo ocorre con *cás / mañáns*...
- b) A non presenza en todo o libro do pronome persoal suxeito *tu*, propio dos falares da área lucu-auriense.
- c) Un sistema de demostrativos con hipercharacterización do vocalismo (*íste, ísta, ísto*...) en tódalas formas de tódolos xéneros, números e persoas inexistente en toda Galicia –alomenos que saibamos.

Con respecto ó segundo problema formulado (se o resto dos niveis lingüísticos responden á fala das subáreas amentadas), hai que responder: primeiramente no plano fónico que o seseo implosivo final dalgunhas palabras de *Á lús do candil* como *lus* ou *crus* non só non é propio dos falares da área lucu-auriense, senón que non se atopa na prác-

tica totalidade das provincias de Lugo e Ourense. Ademais, no que ó plano léxico-semántico se refire –precisamente aquel que, segundo a crítica, xustifica maiormente ó libro como reproductor daqueles falares– tampouco neste caso podemos dicir, con propiedade, que a lingua empregada sexa a daquelas terras. Podería selo no caso de voces como *eslumecer*, *alustrar* ou *esfragarse*, pero qué ocorre con exemplos como *ourilocente*, *forteza* (por *fortaleza*), *roita* (por *ruta*), *cibdade*, *poente* (por *poñente*), etc., etc. Polo tanto, cómpre subliñar que, só en parte o léxico de *Á lús do candil* responde ó léxico vivo na súa época (e tamén na actualidade) da comarca courelá, pois en moitos casos algunhas palabras non só non se rexistran en absoluto naquela zona, senón que non o fan en ningún punto do territorio de fala galega.

Concluindo habería que dicir que a lingua de *Á lús do candil* responde só **parcialmente**, tanto no que se refire ó plano morfosintáctico –isto é, na gramática, no esqueleto de toda fala viva– coma no que atinxe ó plano léxico-semántico, ó falar prototípico das terras courelás que, segundo a crítica máis autorizada, reproducía “magnetofonicamente” *Á lús do candil*. En realidade, Fole empregou aqueles falares só como **dialecto base** dos relatos do libro, que logo modificaría e completaría con moitas adicións –a tódolos niveis lingüísticos– tomadas tanto da dialectoloxía galega doutras zonas coma da vizosa tradición literaria enxebriata anterior á Guerra Civil, na que Fole *aprendeu* –como tódolos creadores da súa época– boa parte do seu galego.

Se repetímo-la operación arriba proposta da superposición de mapas dos concellos de Galicia e do *ALGa* agora para o caso de *Terra brava*, decatáronos axiña de que o concello do Incio quedaría, xeolingüísticamente falando, no interior da subárea lucense da área lucu-auriense do bloque central. Pasemos, pois, a considera-la posibilidade de que *Terra brava* responda a tal modelo lingüístico.

Dende logo, *Terra brava*, cos seus plurais *oposicións*, *complicacións*, *preocupacións*, etc., pertencería a un falar característico do bloque central. É máis, o feito de que aparecen *il* para o pronome suxeito e a forma hipercaracterizada *iste* para o demostrativo, ou uns poucos casos de radical *pod-* no verbo *poder*, así como a distinción –máis ou menos sistemática– das vocais temáticas das terceiras persoas do pretérito dos verbos da 2ª e 3ª conxugación (*volvéu*, *aparecéu*, *acontecéume*, etc., fronte a *seguíu*, *vivíu*, *engadíu*...), todo fai pensar que *Terra brava* respondería ó falar propio da área lucu-auriense dentro da cal estaría a subárea lucense.

Se retomamos novamente o citado cadro no que Fernández Rei precisa as formas que permiten diferenciar entre as falas da subárea lucense e as da auriense dentro da área lucu-auriense e o aplicamos ós usos lingüísticos de *Terra brava* teríamos de novo que, empezando polo trazo que marca a isoglosa entre a subárea lucense e a auriense, é dicir, a distinción ou non de *llelo* / *llo* (que no libro aparece e non aparece en iguais proporcións), tódolos fenómenos de *Terra brava* neste nivel apoian a tese de que, en liñas xerais, o libro reproduciría os falares de ambas subáreas a partes máis ou menos iguais (seguiría os modelos da subárea lucense no emprego das formas *catro*, *gardar*, etc.; no

uso do alomorfo do artigo *-lo*; na diferenciación *cheirar/ulir*; na utilización do verbo *fac*, etc. Pola contra, seguiría os modelos da subárea auriense no emprego do verbo *pór*; no uso das formas *vindes, vinde* do verbo *vir*; no emprego do verbo *sair*, etc.).

Podería daquela pensarse que, para o caso de *Terra brava*, as afirmacións coas que iniciabamos este epígrafe –que facían á lingua de *Terra brava* un calco dos falares do Incio– son certas. Se puider parecer que *Terra brava* transcribe aqueles dialectos non é así en realidade. De feito, hai decisivos factores tanto no que atinxe ó nivel morfosintáctico coma no que di do nivel léxico-semántico e incluso fónico, que nos convencen desta afirmación. Maticemos isto último.

No plano morfosintáctico os mesmos fenómenos que negaban a posibilidade de que *Á lús do candil* fora espello das falas da subárea lucu-auriense imposibilitan agora que *Terra brava* reproduza eses dialectos. Recordemos: plurais dos nomes agudos rematados *vocal + l* como *-ales, -ás, -iles, -ís, -úes*, etc., ausencia de ocorrencia ningunha do pronome suxeito *tu* –propio das falas da área lucu-auriense–, e sistema de demostrativos con vocalismo hipercharacterizado en tódalas formas, xéneros e números inexistente en parte ningunha da nosa dialectoloxía.

Por outra banda, e igual que ocorría no caso de *Á lús do candil*, tamén aquí o seseo das formas *lus* ou *crus* non se explicaría se queremos facer de *Terra brava* reproductor da lingua da subárea lucu-auriense. E igualmente no plano léxico-semántico sería difícil xustificar con tal adscripción dialectal a aparición de vocábulos como *poedoir* –por unha pita–, arcaísmos que non se rexistran xa na fala como *vegada, capíduo* ou *tído*, ou a convivencia de formas que nunca se dan no mesmo espazo lingüístico como *felgo, fiento e fento*, ou *esquecer e esquencer*, etc.

Todo isto convéncenos do feito de que tampouco *Terra brava* reproduce falar ningún concreto da dialectoloxía galega. Sérvese como **substrato dialectal base** das falas das subáreas lucense a auriense da área lucu-auriense do bloque central, pero incorpora a este –como fixera en *Á lús do candil*– numeroso material lingüístico doutras zonas e algún outro ó que chega por vía literaria.

Xa que logo, parece evidente que as correspondencias matemáticas *Á lús do candil* = lingua do Courel e *Terra brava* = lingua do Incio son, así enunciadas, falsas. O máximo ó que se podería chegar sería a considerar que, tanto en *Á lús do candil* coma en *Terra brava*, Fole parte desas falas para, aplicando un criterio **interdialectal**, chegar a un singular crisol lingüístico, que incorpora elementos diversos non reducibles a ningunha fala concreta do noso territorio e que constitúe unha alfaia demasiado preciosa para ser froito dunha única cristalización, porque á fin, como dicía Fole, a fala é o que se fala.

- Alonso Girgado, Luís, “Introducción”, en Ánxel Fole, *Á lús do candil*, Vigo, Galaxia, 1993<sup>11</sup>, pp. 7-78.
- Casares, Carlos, *Conversas con Ánxel Fole*, Vigo, Galaxia, 1984.
- Fernández Rei, Francisco, *Dialectoloxía da lingua galega*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1990.
- Fole, Ánxel, *Á lús do candil*, Vigo, Galaxia, 1953.
- *Terra brava*, Vigo, Galaxia, 1955.
- “A loita pol-a lingoa”, *Galicia Emigrante* 20, 1956, p. 25.
- *Contos da néboa*, Vigo, Castrelos, 1973.
- *Historias que ninguén cre*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1981.
- “O noso idioma hai que nacionalizalo”, *El Progreso*, 21-8-1983 (Entrevista a Fole).
- Rodríguez Fer, Claudio, *A Galicia misteriosa de Ánxel Fole*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1981.
- Rodríguez López, Manuel, *Viaxes con Ánxel Fole*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1988.